



DÍA DE ROSALÍA

2022

*Programa de actividades da Rede
Museística Provincial de Lugo*



Con motivo da celebración do día de Rosalía de Castro, a Rede Museística Provincial de Lugo ofrece unha programación de actividades didácticas que terán como eixo central os conceptos de “terra” e “migración”, fundamentais na obra da poetisa.

A través de diferentes obradoiros, traballaremos na comprensión do fenómeno da emigración/inmigración dun xeito multidisciplinar, intergrupar e en rede. A partir de dita comprensión procurarase chegar aos valores de igualdade (de xénero, raza, condición, relixión, etc.), respecto e protección do medio ambiente, fortalecemento da identidade colectiva, comprensión do/a “outro/a” e á posta en valor da obra literaria de Rosalía de Castro neste senso.

Ademais disto, o día 23 de febreiro festexaremos o aniversario do nacemento da poetisa agasallando ás persoas que visiten os nosos catro museos cunha FLOR E UNHA LÁMINA,

MUSEO-FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

- “Follas novas“

O Museo Fortaleza San Paio de Narla súmase á celebración do Día de Rosalía o próximo 23 de febreiro cunha xornada na que se traballará a comprensión do fenómeno da emigración/inmigración empregando a obra da autora. Achegáremonos tamén aos valores de igualdade (xénero, raza, relixión...), respecto e protección do medio ambiente.

A actividade consiste nunha lectura conxunta dalgúns poemas de Rosalía de Castro dentro da súa obra Follas Novas centrándonos na emigración e na mulles. A continuación escolleremos os nosos versos favoritos e copiarémolos nunhas folla de carballo que encherán as nosas árbores de vida.

Data: Mércores 23 de febreiro.

Horario: De 16:00 a 18:00 h.

Idades: Todas as idades.

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

- “Viaxando ás orixes”

Os procesos migratorios, tanto nacionais como internacionais, marcaron a historia de Galicia desde mediados do século XIX, un fenómeno social que Rosalía de Castro trasladou aos seus poemas. É por iso que aproveitaremos os seus poemas para viaxar pola historia da migración a través das coleccións do MPL. Ao final do roteiro comezaremos coa parte práctica, na que os nenos e nenas debuxarán, sobre o perfil dunha folla de carballo, aqueles obxectos que os unen a Galicia e que non poderían deixar en terra.

Data: Sábado 26 de febreiro.

Horario: De 17:00 a 19:00 h.

Idades: De 7 a 12 anos.

Aforo: Máximo 10 participantes.

- “Música para Rosalía”

Rosalía é a poeta da memoria, da migración, da terra e da identidade. Realizaremos unha viaxe sonora polas coleccións do museo creando a nosa música para o poema “Adiós ríos, adiós fontes”. Compartiremos os sons dos lugares que máis apreciamos e, con materiais de refugallo, construiremos instrumentos que nos acompañarán na nosa interpretación.

Data: Sábado 19 de febreiro.

Horario: De 17:00 a 19:00 h.

Idades: De 7 a 12 anos.

Aforo: Máximo 10 participantes.

Materiais: A rapazada deberá traer un bote pequeno de cristal con tapa ou un tubo de cartón de papel de coña.

- “A filla do Mar”: María Rosalía Rita de Castro”

Neste obradoiro daremos a coñecer a biografía da escritora galega máis universal. Resaltaremos a súa faceta máis persoal, destacando a súa loita por facer cambios sociais na época que lle tocou vivir. Reflexionaremos sobre os seus ideais e a lenta progresión de logros acadados durante estes 185 anos; valorando a súa gran personalidade e resiliencia e lembrándoa como unha muller adiantada ao seu tempo.

Finalmente, a partir dun boceto do retrato de Rosalía, deixaremos voar a imaxinación e faremos a nosa propia imaxe da poetisa (a do Romanticismo, a naturalista, ao estilo arte pop, etc.).

Data: Sábado 19 e domingo 20 de febreiro.

Horario: De 11:00 a 13:30 h.

Idades: De 8 a 12 anos.

MUSEO PAZO DE TOR

- “Follas novas, novas follas”

O bosque que arrodeaba o mosteiro de Conxo, empregado nos 80 do século XIX, –e hoxe!– como siquiátrico, ficou arrasado por orde do arcebispo de Compostela. Interesaban os beneficios da venta da madeira da fraga, onde abundaban carballos e aciñeiras, mais tamén outras especies de xardín, plantas viaxeiras. Rosalía de Castro escribiu “En las orillas del Sar” un berro ecoloxista no que denunciou a barbarie e, con sutil mestría, ao prelado.

No Pazo de Tor tedes un retrato dese Miguel Payá y Rico, máis coñecido pola reinvención dos restos do apóstolo ou por ter bautizado ao rei Alfonso XIII, que pola desfeita denunciada pola poeta. O retrato vai asinado por un pintor dunha saga de artistas de maior ou menor fortuna, José Garabal Louzao, nomeado “Decorador oficial da Corte” o ano 1877, tras a visita do rei Alfonso XII á basílica. Contan as crónicas que o retratista obsequiou aos borbóns con dúas pinturas, unha dunha galeguiña, outra dun galeguiño. Cousas do servilismo aínda vixentes, que tamén constatamos na decoración do pazo: outro Garabal, sobriño do outro, talvez en emulación grotesca daquel rexional obsequio, regalou aos señores de Tor dúas táboas pintadas, un galego e unha galega que penduran no recibidor. Precisamente esa condescendencia, o paternalismo do poder foráneo, imitado no eido local, que aldraxaba e aldraxa a dignidade dos galegos, reducidos a mofa costumista de palacio, subxace nos versos. Porque no poema, Rosalía de Castro canta a beleza da patria expresada nas árbores taladas por instancias de poder alleo (“ajena voluntad su imperio ejerce”), posto que o cardeal proviña do país do Turia (antítese do Sar), onde xamais iríamos desfacer os seus xardíns, viña clamar a poeta.

Na celebración do seu día, propoñemos revisitar o poema, escrito en castelán con arrecendo galego, co contrapunto do retrato, das táboas dos “galleguitos” e do xardín do Pazo de Tor, un contexto para encauzar unha conversa sobre a disparidade social da emigración e os seus paralelismos na contorna. Referímonos aos prexuízos económicos cos que saudamos, mesmo rendemos preito homenaxe, a prebostes vidos de fóra, caso de Payá, e aqueloutros cos que censuramos a outras xentes sen apelidos. Disparidade que ten o seu reflexo nas follas de certas especies alleas, que asolagan a nosa paisaxe polos seus supostos beneficios mercantís, en detrimento doutras autóctonas en claro declive.

Lectura pública do poema - Visita aos galegos de Garabal - Visita ao Cardeal de Garabal - Percorrido pola flora do xardín cantada por Rosalía: narcisos, cedros... - Conversa arredor da migración e o seu paralelismo coas especies invasoras.

Data: Sábado 26 de febreiro.

Horario: Ás 12:30 h.

Idades: Todas as idades.

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

- “Follas novas, novas follas”

Este é o título dunha das máis coñecidas obras de Rosalía, pero tamén así se titulou unha unidade didáctica que no ano 2010 desenvolveu a Rede Museística e foi recoñecida co premio Rosalía de Castro de experiencias Pedagóxicas.

Con esta unidade didáctica pretendíase incidir na comprensión do fenómeno da migración empregando a obra de Rosalía de Castro para, partindo dela, chegar a valores de igualdade, respecto ao medio ambiente, fortalecemento da identidade, a alteridade co/a outro/a e a posta en valor da súa obra.

Estes propósitos seguen en pleno vigor 12 anos despois, así que reactivámoslos e propoñémoslles ás nosas comunidades que de novo enchan as nosas árbores da vida de novas follas onde se conxuguen os versos de Rosalía coas súas propias reflexións.

O día 19 achegarémolles xs máis cativxs a figura da nosa máis insigne poetisa; que fixo rexurdir a nosa lingua, visibilizou a realidade da migración galega e reivindicou o papel da muller.

Data: Sábado 19 de febreiro.

Horario: De 11:30 a 13:30 h.

Idades: De 4 a 14 anos.

Ata o día 23 recolleremos as aportacións de todas as persoas que decidan colaborar con nós e na tarde dese mesmo día, coa colaboración do noso Clube Sénior, encheremos a nosa árbore de novas follas.

Data: Mércores 23 de febreiro.

Horario: De 17:00 a 18:30 h.

Idades: Club Senior-Todas as idades.

PROPOSTA TRANSVERSAL AOS CATRO MUSEOS: “Unha rede de lecturas”

Os catro museos que conformamos a Rede Museística Provincial de Lugo formamos unha unidade que comparte recursos, inquietudes, propósitos, triunfos e fracasos, nos que sempre as persoas, as nosas comunidades, están no centro.

Esa unidade, esa proximidade hoxe por hoxe pode resultar máis doada grazas á dixitalización e á virtualidade e é por iso que propoñemos que as comunidades dos catro museos se unan o día 23 nunha lectura conxunta da obra de Rosalía de Castro.

Data: Mércores 23 de febreiro.

Horario: Ás 12:00 h.

Idades: Todas as idades.